



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Carta Pastoral no Día do Apostolado Segrar e da Acción Católica. Maio 2009

¡Grazas polos nosos cristiáns laicos!

Queridos diocesanos:

A acollida renovada da doutrina da Igrexa sobre os fieis laicos creou unha maior conciencia da súa dignidade de bautizados, da súa vocación cristiá, da esixencia de crecer na intelixencia e na experiencia da fe e da súa adhesión á Igrexa. Esta confíalles a misión de construír o Reino de Deus no mundo, ocupándose das realidades temporais, ordenándoas segundo Deus e deixándose guiar polo Evanxeo para contribuír á santificación do mundo e mostrar a Cristo aos demais no peregrinar cristián. No día do Apostolado Segrar e da Acción Católica, a mensaxe é: *“¡Que fermosos os pés dos que anuncian a Boa Noticia!”*.

Acción de grazas a Deus

Neste convencemento damos grazas a Deus e alegrámonos de ver aos cristiáns laicos nos traballos do Evanxeo construíndo o Reino de Deus, con ese sentido de presenza na Igrexa e de pertenza a ela que “recibe o encargo de ofrecer a todos os homes o anuncio alegre do amor, da misericordia entrañable e da salvación de Deus”. Esta é a dita, a vocación e a identidade da Igrexa.

Damos grazas a Deus polo seu testemuño de fe (1Pe 3, 15) no seu propio ambiente de traballo e en toda a sociedade, manifestado na coherencia de fe e vida, no compromiso de formación, na preocupación de revitalizar a identidade e a espiritualidade cristiás, no crecemento e madurez como membros da Igrexa, asumindo a súa responsabilidade na transmisión da fe sen acomodarse aos criterios do mundo e colaborando nas diferentes institucións da Igrexa.

Damos grazas a Deus e alegrámonos por eles que comprometidos no amor e na fidelidade matrimonial, colaboran con todos os homes de boa vontade na promoción do verdadeiro ben da familia¹, na defensa da vida, no coidado dos enfermos e maiores, na protección dos nenos e das nais en dificultades. Para a sociedade e para a propia Igrexa os matrimonios e fogares cristiáns son verdadeiras “igrexas domésticas”, “santuarios da vida e do amor”, ámbitos de oración, comunicación e experiencia compartida de fe. “A Igrexa non se deu nunca por vencida fronte a todas as violacións que o dereito á vida, propio de todo ser humano, recibiu e continua recibindo por parte dos individuos como das mesmas autoridades. O titular de tal dereito é o ser humano, en cada fase do seu desenvolvemento, desde o momento da concepción ata a morte natural; e calquera que sexa a súa condición, xa sexa de saúde que de enfermidade, de integridade física ou de minusvalidez, de riqueza ou de miseria”².

¹ Cf. BENEDICTO XVI, *Homilía no Encontro Mundial de Familias en Valencia*.

² XOÁN PAULO II, *Christifideles laici*, 38



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Damos grazas a Deus, porque estamos comprobando con esperanza que en tempos de crises, a acción caritativa e solidaria, especialmente por medio de Cáritas, non só non decrece senón que se acrecenta, sendo atendidos os pobres na súa indixencia espiritual e material sen excluír a ninguén pois “coa encarnación o Fillo de Deus uniuse en certo xeito a cada home”³.

Damos grazas a Deus porque quen foron bautizados, confirmados e fortalecidos pola Eucaristía, son conscientes de que “canto máis vivo sexa o amor pola Eucaristía no corazón do pobo cristián, tanto máis clara terá a tarefa da misión: levar a Cristo”⁴, favorecendo a fraternidade e a convivencia, e mostrando a alegría e a dignidade de crer na comunidade parroquial onde “a comunión eclesial, aínda conservando sempre a súa dimensión universal, atopa a súa expresión máis visible e inmediata”⁵. A Eucaristía, centro e fonte da vida cristiá, ha de ser o corazón da actividade pastoral das parroquias e asociacións laicais, para que os cristiáns salgan “da Misa á misión”, tal como se expresaba no Plan Pastoral Diocesano vixente. O bautizado é chamado constantemente a profundar na súa condición de fillo de Deus, a madurar na fe e a dar froitos de sincera conversión, revisando a súa espiritualidade e renovando a súa formación cristiá entendida como “un continuo proceso persoal de maduración na fe e de configuración con Cristo, segundo a vontade do Pai, coa guía do Espírito Santo”⁶.

Exhortación

Pentecoste impulsa á Igrexa a pregoar o Evanxeo (Mt 28,20), énchea de vida e de graza (Lc 2, 4.41-47), e pide o compromiso da acción apostólica. É necesario que os cristiáns laicos asuman con gozo a súa vocación misioneira e testemuñal, participen na corresponsabilidade evanxelizadora, e se impliquen no proceso de formación para dar a resposta propia da testemuña a un mundo problemático e sedento da verdade. Neste sentido hei de referirme ao Itinerario de Formación Cristiá de Adultos, como instrumento moi útil ofrecido pola Comisión Episcopal de Apostolado Segregar a todo o laicado, e que está sendo presentado na diocese desde a Delegación de Apostolado Segregar.

É imprescindible que na empresa e na actividade económica, empresarial e sindical, actúen conforme aos principios e criterios da Doutrina Social da Igrexa, e que promovan o coñecemento da mesma, tendo en conta a dignidade da persoa humana e comprometéndose cos dereitos dos traballadores, especialmente dos que padecen con máis agudeza as consecuencias da crise pola perda do traballo. Neste sentido, “é preciso que os laicos tomen como obrigación súa a restauración da orde temporal, e que, conducidos pola luz do Evanxeo e pola mente da Igrexa, e movidos pola caridade cristiá, obren directamente e en forma concreta en devandita orde; que cooperen uns

³ XOÁN PAULO II, *Al comienzo del nuevo milenio*, 49

⁴ *Sacramentum caritatis*, 80. 86.

⁵ *Christifideles laici*, 26.

⁶ *Christifideles laici*, 57.



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

cidadáns con outros, cos seus coñecementos especiais e a súa responsabilidade propia; e que busquen en todas partes e en todo a xustiza do reino de Deus”⁷.

A todos os cristiáns laicos asociados nos diferentes movementos apostólicos e moi especialmente aos membros da Acción Católica, convócoos a implicarse na actividade pastoral, litúrxica, catequética e social das parroquias e zonas pastorais, con espírito aberto e xenerosa colaboración, sen apetencias de protagonismos estériles, para dar de novo á enteira creación todo o seu valor orixinario. Consciente das dificultades do momento para a evanxelización, agradezo o voso testemuño de fe, de amor á Igrexa e de inquietude evanxelizadora, invocando a acción do Espírito Santo para que nos vosos propios ambientes sexades testemuñas do Evanxeo e constructores do Reino de Deus, vivindo a vosa vocación de servizo fiel á mensaxe de Xesús que amorosamente vos elixiu e vos incorporou á súa obra.

Saúdavos con todo afecto e bendí no Señor,

+Xulián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela

⁷ *Apostolicam actuositatem*, 7.